WIKIPEDIA

Lingua casaca

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua casaca** ou **casaco** é unha lingua turca da familia altaica, con grafía ben árabe en China, Irán ou Afganistán; ben cirílica. Durante a década de 1930 experimentouse coa latina en Turquía. É idioma oficial xunto coa lingua rusa de Casaquistán; fálase nos territorios do que foi o amplo imperio mongol: a provincia china de Xinjiang, Mongolia, Quirguistán, Uzbekistán, Turkmenistán, Ucraína e Rusia. No 2000 era lingua materna de 11 000 000 de falantes aproximadamente, aínda que segundo outras fontes hai aproximadamente 8,5 millóns de falantes. Dende a segunda metade do século XX, Alemaña ten unha comunidade de falantes de casaco. Esta comunidade está constituída principalmente polos descendentes de alemáns do Volga que foron deportados a campos de concentración e Gulags en Casaquistán desde 1941 por decreto de Stalin e que, podendo sobrevivir, mesturáronse coa poboación local ou adoptaron a súa cultura, e máis tarde volveron a Alemaña.

Qazak significa vagabundo; o pobo casaco que fala este idioma foi historicamente nómade.

Casaco 'Қазақ тілі/Qazaq tili'	
Falado en:	Casaquistán, China, Mongolia, Afganistán, Taxiquistán, Turquía, Turkmenistán, Ucraína, Uzbekistán, Rusia e Irán
Rexións:	Asia central
Total de falantes:	8 millóns
Posición:	93
Familia:	Altaica Turco Kipchak Kipchako-nogay **Casaco**
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Casaquistán
Regulado por:	Non regulado
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	kk
ISO 639-2:	kaz
SIL:	KAZ

Alfabeto

O alfabeto cirílico casaco está baseado no alfabeto ruso ao que se lle engadiron nove letras: Ә, Ғ, Қ, Ң, Ө, Ұ, Ү, Һ, І.

Cirílico	Qaydar Latín transliteración	Janga Latín transcrición
А а	A a	A a
Ә ә	Ä ä	Ä ä
Б б	B b	B b
В в	V v	V v
Г г	G g	G g
Ғ ғ	Ğ ğ	Gh gh
Д д	D d	D d
Е е	E e	E e inicialmente o tras unha vocal
Ё ё	Yo yo	Yo yo
Ж ж	J j	J j

З з	Z z	Z z
И и	Iy iy	I i
Й й	Y y	Y y
К к	K k	K k
Қ қ	Q q	Q q
Л л	L l	L l
М м	M m	M m
Н н	N n	N n
Ң ң	Ñ ñ	Ng ng
О о	O o	O o
Ө ө	Ö ö	Ö ö
П п	P p	P p
Р р	R r	R r
С с	S s	S s
Т т	T t	T t
У у	W w	U u
Ұ ұ	U u	Û û
Ү ү	Ü ü	Ü ü
Ф ф	F f	F f
Х х	X x	Kh kh
Һ һ	H h	H h
Ц ц	C c	Ts ts
Ч ч	Ç ç	Ch ch
Ш ш	Ş ş	Sh sh
Щ щ	?	Shy shy
Ъ ъ	?	
Ы ы	I ı	Â â
І і	İ i	Î î
Ь ь	?	
Э э	E e	Ê ê
Ю ю	Yu yu	Yu yu
Я я	Ya ya	Ya ya

Véxase tamén


Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua casaca***


Wikimedia Commons ten máis contidos multimedia na categoría: ***Lingua casaca***

Ligazóns externas

- Esta lingua (http://www.ethnologue.com/show_language.asp?code=KAZ) en Ethnologue.